




CONCELLO DE
SANXENXO



OUTROS ASPECTOS DE INTERESE

As **comunicacións da Escola** cos pais/nais faranse a través da **aplicación TokApp School**. Esta plataforma permitirá á Escola comunicarse cos pais/nais dunha forma rápida, segura e unidireccional (solo se poderá responder ós comunicados cando se solicite dende a Escola). É **totalmente gratuíta** e para empezar a utilizala deberán:

1º. Descargar a aplicación na App Store ou Google Play do teléfono.

2º. Rexistrarse por teléfono ou correo electrónico.



Para calquera dúbida terán a súa disposición o seguinte teléfono de soporte técnico: 986 114 969.

Os casos de **problemas legais de tutela** ou doutro tipo que afecten á relación materno/paterno/filial deberán comunicarse e acreditarse a través do documento legal pertinente.

No caso de producirse algún accidente durante a actividade a **asistencia sanitaria correrá a cargo do seguro do pai/nai/titor/a do alumno/a**.

E PARA OS/AS PAIS E NAIS.....

A Escola tamén ofrece **clases para adultos que teñan interese pola música**. Trátase dunha formación práctica dirixida a afeccionados e tamén para aquelas persoas que desexen orientarse cara estudos profesionais. Proponse unha formación musical adaptada e personalizada a cada alumno/a nas seguintes materias:

LINGUAXE MUSICAL, GUITARRA E PIANO

O curso dará comezo o luns 2 de outubro e as clases impartiranse os luns e mércores de 20,30 a 22,00 h

Poderás realizar a túa matrícula no Pazo Emilia Pardo Bazán. O prazo permanecerá aberto todo o curso sempre que haxa prazas dispoñibles.

Prezos: Cota de inscrición: 25 euros/curso Cota mensual: 40 euros

MÁIS INFORMACIÓN

Concellería de Cultura, Educación e Xuventude
Pazo Emilia Pardo Bazán, Trav. Miraflores, 3 – Sanxenxo
Telf. 986 72 79 36
Enderezos electrónicos: educacion@sanxenxo.org / lied_em@sanxenxo.es

Centro autorizado e subvencionado pola:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

LIED  **em**
ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA SANXENXO

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN
CURSO 2017/18

O PLAN DE ESTUDOS DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL

A Escola de Música Municipal de Sanxenxo ten as súas instalacións no **Pazo Emilia Pardo Bazán** e ofrece un plan de estudos que coordina unha formación musical orientada á **apreciación musical e á práctica instrumental**. Para as materias teóricas (Música e Movemento e Linguaxe Musical) o alumnado será encadrado en grupos segundo o seu nivel e o mais homoxéneos posible en idade. As clases de instrumento serán individuais.

A orientación cara un instrumento que se adecúe as súas capacidades é fundamental para o seu desenvolvemento musical posterior para o que tamén é recomendable a participación nas materias en grupo Coro e Conxunto.

Para asistir ás materias en grupo o/a alumno/a deberá estar matriculado nas materias de instrumento e Linguaxe Musical.

ENSINANZAS	MATERIAS	CARGA HORARIA	DESTINATARIOS
INICIACIÓN (2 cursos)	MÚSICA E MOVEMENTO 1	1 clase de 90 m	3º de Ed. Infantil
	MÚSICA E MOVEMENTO 2	1 clase de 90 m	1º de Ed. Primaria
GRAO ELEMENTAL (4 cursos)	LINGUAXE MUSICAL (obligatoria)	1 clase de 90 m	A partir de 2º Ed. Primaria
	INSTRUMENTO* (obligatoria)	1 clase de 45 m	
	CORO (obligatoria)	1 clase de 90 m	
	CONXUNTO INSTRUMENTAL (opcional)	1 clase de 90 m	
	Alumnado de Cello, Percusión e Vento		
CONXUNTO INFANTIL (opcional)	1 clase de 45 m	Alumnado de 1º ano de instrumento	
PASE DE GRAO (1 curso)	LINGUAXE MUSICAL (obligatoria)	Igual que Grao Elemental	
	INSTRUMENTO (obligatoria)		
	CORO (obligatoria)		
	CONXUNTO INSTRUMENTAL (opcional)		
GRAO PROFESIONAL (6 cursos)	INSTRUMENTO (obligatoria)	Igual que Grao Elemental	
	CORO (obligatoria)		
	LINGUAXE MUSICAL (opcional)		
	CONXUNTO INSTRUMENTAL (opcional)		

***MATERIAS INSTRUMENTAIS:** Clarinete, Fauta, Guitarra, Oboe, Percusión, Piano, Saxofón, Trombón, Trompa, Trompeta, Tuba- Bombardino e Violoncello.

As **clases impartiranse** segundo o calendario escolar do **2 de outubro ao 29 de xuño**.

A estes efectos **o 13 de outubro de 2017 e o 30 de abril de 2018 non serán lectivos**.

PRAZOS DE INSCRICIÓN

As inscricións poderán entregarse ata o **26 de setembro** no **Pazo Emilia Pardo Bazán** ou no **centro educativo** no que o/a neno/a estea matriculado. Sempre que haxa prazas vacantes, poderá facerse inscrición en calquera momento do curso.

HORARIOS

Os horarios do **alumnado inscrito por primeira vez**, darase a coñecer o **venres 29 de setembro** nunha reunión ás **19,00 h** no **Pazo Emilia Pardo Bazán**.

O **alumnado matriculado en anos anteriores** poderá consultar os **horarios no taboleiro de anuncios da Escola** e facer posibles modificacións **a partir do 27 de setembro de 17,00-19,00 h**.

FORMA DE PAGO E PREZOS

O pago das cotas farase a través de domiciliación bancaria e o cobro de cada mensuralidade farase no mes seguinte. A cota de inscrición por curso escolar é de 20,00 € e o seu cobro farase coa primeira mensuralidade. As cotas mensuais son as seguintes:

MATERIA	COTA MENSUAL
MÚSICA E MOVEMENTO	20,00 €
INSTRUMENTO	40,00 €
INSTRUMENTO+LINGUAXE MUSICAL	40,00 €
2º INSTRUMENTO	15,00 €
CORO, CONXUNTO INSTRUMENTAL E CONXUNTO INFANTIL	0,00 €

Descontos nas cotas:

- Familias numerosas (deberá achegarse fotocopia do título):
Categoría especial: exentas de pago
Categoría xeral: 50%
- Ás familias con dous fillos inscritos nas Escolas Municipais (Música, Centro de Arte, Ludoteca, Escolas Deportivas): 25% de desconto a cada un deles nas cotas mensuais

ORDE DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS NAS MATERIAS INSTRUMENTAIS

No caso de haber mais solicitudes que prazas nalgunha materia instrumental, a orde de adxudicación de prazas será o seguinte:

- 1º: alumnado da Escola procedente de Música e Movemento 2.
- 2º: alumnado da Escola que solicite cambio de instrumento.
- 3º: solicitudes de ingreso de nenos/as empadroados no Concello de Sanxenxo.
- 4º: alumnado da Escola que solicite un segundo instrumento.

De ser o caso, elaboraranse listas de espera para cada instrumento e nivel seguindo o criterio de adxudicación de prazas. A lista de espera renovarase cada curso.

RECUPERACIÓN DAS CLASES

As clases que perde o alumnado por causas propias non serán recuperadas nin se terá dereito á devolución dos cotas mensuais. As clases perdidas polo profesorado, serán recuperadas en día e horario acordado co alumnado afectado.

PRÉSTAMO DE INSTRUMENTOS

O préstamo de instrumentos será temporal. Será o profesor/a de cada especialidade o que determine o tempo a prestar en función da súa utilización, manexo...

No momento de recibir o instrumento, os pais/nais deberán firmar un documento no que se comprometen ao bo uso e manexo do mesmo debendo, en caso de ocasionar algún dano, facerse cargo do custo do arranxo ou da súa reposición.

NORMAS DE CONVIVENCIA

A Escola de Música non se fai responsable do coidado do alumnado fora do seu horario de clases.

As familias que desexen falar co profesorado sobre a evolución do seu fillo/a deberán solicitar cita previa co director da Escola. Non se permite abordar aos mestres polo corredor.